

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA COMPLETAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR PRINCIPAL DOS PROGRAMAS GRANTS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Consellería), nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16.05.2022), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC forma parte do Sistema universitario de Galicia (SUG) e é unha entidade que forma parte do sector público institucional que, xunto coa



misión docente, realiza actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería, de acordo coas competencias que lle atribúe o Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo), de estrutura orgánica da Consellería. Entre as súas competencias correspóndelle a promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do Sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- Que a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) establece, no seu artigo 28, que as Comunidades Autónomas e as universidades cooperarán para fomentar a atracción de talento internacional ao sistema universitario e promoverán medidas que faciliten a incorporación do persoal docente e investigador internacional.

CUARTO.- O Plan galego de investigación e innovación 2022-2024 en liña cos obxectivos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), e acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027 aspira, entre os seus obxectivos, a acadar a maior eficiencia posible dos recursos públicos e privados e o maior impacto no reforzo do ecosistema galego de innovación, o crecemento e desenvolvemento de Galicia, e o benestar social. Xunto coa RIS3 constitúe o marco integrado a través do cal deseñar, implementar e avaliar a política de I+D+i no territorio de Galicia co obxectivo de converterse nunha panca de transformación económica e social.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a



tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden dirixirse a prioridades e ámbitos de priorización concretos, pero tamén poden ser horizontais en relación aos retos e prioridades. Pola súa parte, o obxectivo estratéxico 5 aposta, no ámbito da I+D+i, por mellorar o posicionamento de Galicia na contorna nacional, europea e internacional e atraer investimento.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3 respondendo aos tres retos a través das tres prioridades, e intégrase no obxectivo estratéxico 5 e no programa Posiciona.

QUINTO.- O Consello Europeo de Investigación (en adiante ERC, do seu nome en inglés *European Research Council*) busca impulsar a longo prazo proxectos de persoal investigador excelentes e apoia a creación de equipos de investigación, para que realicen unha investigación novidosa, innovadora e potencialmente moi rendible, pero, de alto risco. Trátase de impulsar a investigación punteira e de reforzar a excelencia científica, o dinamismo e a creatividade nas novas áreas de investigación, priorizando a axuda para realizar a transición á independencia co apoio axeitado á creación ou consolidación do propio equipo ou programa do denominado persoal investigador principal.

Os programas do ERC destinan as axudas a directores/as de investigación recoñecidos/as como excepcionais e cunha traxectoria profesional científica moi prometedora, para realizar proxectos pioneiros que abran novos camiños nos seus respectivos campos de investigación. O criterio único de avaliación é a excelencia científica do persoal investigador e da proposta de investigación.

A tal fin o ERC conta, entre outras, con varias modalidades de axuda:

Starting Grants (StG): programa destinado a axudar á creación de grupos de investigación independentes cuxo persoal investigador principal estea en posesión do título de doutor cunha antigüidade de entre 2 e 7 anos e cuxa actividade investigadora estea na fronteira do coñecemento de calquera temática.

Consolidator Grants (CoG): programa destinado a persoal investigador que está a consolidar un grupo de investigación. O persoal investigador principal debe estar en posesión dun título de doutor con antigüidade entre 7 e 12 anos e a actividade investigadora debe estar na fronteira do coñecemento de calquera temática.



Advanced Grants (AdG): programa liderado por investigadores senior con alomenos 10 anos de experiencia para brindar apoio a proxectos de investigación na fronteira do coñecemento de calquera temática que realicen a súa investigación en Europa.

Synergy Grants (SyG): programa que ten como finalidade respaldar proxectos consolidados de investigación na fronteira do coñecemento de calquera temática, liderados por 2-4 investigadores, xa sexan do mesmo país ou de calquera país do mundo sempre que desenvolvan o traballo nun ou varios dos Estados Membros da UE ou dos países asociados.

SEXTO.- Polo anteriormente exposto, a Consellería e a USC coinciden en salientar a necesidade de fomentar accións que incentiven a permanencia do denominado persoal investigador principal, pola súa excelencia acreditada por participar nos programas do ERC, e, máis concretamente, estiman necesario o respaldo á creación ou consolidación do seu propio equipo ou programa de investigación.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para achegar unha axuda complementaria para que o persoal investigador principal beneficiario dos programas do ERC poida crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación.

SEGUNDA.- Condicións para a percepción das axudas e compromisos das partes:

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola USC para impulsar as actuacións derivadas deste convenio.

A USC destinará as axudas a financiar as actividades do persoal investigador principal que, sendo beneficiario dunha axuda do ERC, manteña, como requisito imprescindible, vinculación cunha universidade do SUG.

Non se poderán financiar custos xa financiados directamente polas axudas dos programas do ERC. Concretamente, a universidade poderá destinar o importe da axuda a calquera dos seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable



respondan á natureza do obxecto do convenio, vinculados a actividades relacionadas co persoal investigador principal:

- Custo da contratación do persoal investigador ou auxiliar para o equipo de investigación. Inclúese o custo do persoal dedicado de xeito específico ás funcións da xestión do grupo. En todo caso, a subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería e os/as profesionais que desenvolvan as actividades subvencionadas, de tal xeito que non se lle poda esixir responsabilidade algunha, polos feitos ou actos acontecidos no desenvolvemento da actividade.
- Pequeno equipamento e material funxible e custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental e similares.
- Material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas.
- Formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto.
- Desprazamentos vinculados coa actividade do proxecto.
- Persoal investigador visitante.
- Organización de actividades de difusión, reunións científicas, así como presenza nos medios de comunicación.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, etc.

TERCEIRA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de trescentos vinte e cinco mil euros (325.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro). A anualidade do 2027 integrarase no novo plan de financiamento para os anos seguintes.

O custo da axuda complementaria por cada investigador/a principal, segundo a modalidade, é a seguinte (máximo de 5 anualidades):

Consolidator Grants (CoG)	65.000 €
---------------------------	----------



A distribución por anualidades está recollida na táboa que segue:

Invest. Principal	Ayuda ERC				Vinculación SUG		Anualidades ayuda complementaria Xunta de Galicia (€)					
	Convocatoria [Call]	Importe (€)	Fecha inicio [Grant Agreement]	Fecha fin Ayuda	Data vinculación Universidad en la categoría profesional Indicada	Título Proyecto	2023	2024	2025	2026	2027	TOTAL
Glowacki, David Ryan (USC)	ERC-CoG-2019	1.988.167,98	01/05/22	30/04/27	Oportunius (08/11/2021)	NANOVR - Nanoscale Design using Virtual Reality	75.000	75.000	75.000	75.000	25.000	325.000
TOTAL							75.000	75.000	75.000	75.000	25.000	325.000

Esta cantidade de 325.000,00 euros, trátase dun importe certo e queda por conta das universidades beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Nas anualidades 2023-2027 incorpóranse as cantidades, prorrateadas, dende a data na que iniciou ou incorporou o seu proxecto de investigación financiado cunha axuda ERC do Programa Consolidator Grants (CoG) nunha universidade do SUG.

Esta circunstancia é debida a que non foi posible materializar a sinatura do convenio para que o investigador beneficiario da axuda ERC recibira a correspondente axuda complementaria da Xunta de Galicia no ano 2022.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De selo caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

CUARTA.- Fórmula de pagamento



Para os pagamentos correspondentes, a USC achegará antes do 15 de decembro de cada ano de vixencia do convenio:

- a) Unha certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control que faga referencia á toma de razón en contabilidade, na que conste o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte.
- b) Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos, asinada polo/a investigador/a principal.
- c) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- d) Un certificado asinado pola universidade no que se acredite no período do pagamento a vinculación e permanencia no posto do persoal investigador principal referido.
- e) De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da USC de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, crearase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, que se reunirá a petición dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

- Pola Consellería, dous membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente.
- Dous vicerreitores/as da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa en quen deleguen.

Actuará como secretario/a da comisión o/a xefe/a de servizo de Planificación e Estruturação da Investigación, axustándose o réxime xurídico desta ás normas previstas nos artigos 22 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de



organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo propostas de solucións aos posibles conflitos. Non obstante, a Consellería ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos de acordo coa Lei de contratos do sector público. En todo caso, aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería.

SEXTA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2027.

Non obstante ao establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación das axudas, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Natureza

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ao equipo dun/dunha investigador/a principal de programas do ERC estase a potenciar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o retraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

No ámbito do SUG o persoal investigador principal ao que se vincula a axuda é o único con subvencións vixentes do ERC (convocatoria 2019), con proxectos vinculados ao SUG, por iso non é necesario promover a concorrência competitiva da subvención. Neste punto, téñase en conta que é un programa da Unión Europea no que a solicitude de participación a realiza o/a investigador/a e tanto o proxecto



coma o seu curriculum pasan un rigoroso proceso de avaliación onde o único criterio é a excelencia.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, rexéndose aos seus efectos polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA.- Publicidade e transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a USC no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As partes asinantes deste convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co disposto no Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28.10.2022), non se aplica o establecido no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e, polo tanto, non terá a condición de axudas de estado as axudas previstas neste convenio por outorgarse a organismos de investigación para actividades non económicas. Non obstante, a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do



Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo co estipulado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

NOVENA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establece a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

